

As expresións de futuro e de *ir* + *infinitivo* na prensa escrita

María Sol LÓPEZ MARTÍNEZ
Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN¹

O galego para se referir a acontecementos vindeiros emprega o futuro morfolóxico *cantarei*, as perífrases *vou cantar* ou *hei (de) cantar* cos verbos auxiliares en presente de indicativo e o presente de indicativo acompañado dun adverbio de tempo *mañá canto*.

De maneira semellante, o latín dispoñía tamén de varias posibilidades para a expresión de futuridade: a forma sintética *amabo*, *legam* etc. ao lado de formas coma o presente de futuridade e outras, entre elas, as perífrases constituídas polo presente do verbo modal *habere* e un infinitivo. Neste caso, o verbo modal podía ir anteposto ou posposto (*vid.* Meier 1965: 73-75). Non obstante, non todas as formas se correspondían exactamente, en canto ao significado, co futuro sintético (*vid.* Rojo 1974: 75-78).

Na evolución do latín ás linguas romances, o futuro sintético latino desaparece e cada unha das linguas románicas selecciona unha estrutura para a expresión deste significado ao tempo que desenvolve tamén formas analíticas, que xa empezaran no latín e que se consolidarán definitivamente nas linguas romances.

Como sinalamos, o galego, coma outras linguas románicas da península, bota man, para a expresión de futuro, de *haber*, flexionado no presente, cun verbo principal en infinitivo, o cal pode ir anteposto ou posposto. Coa forma do presente de *haber* en posposición, o resultado é o actual futuro morfolóxico *cantarei*. Esta forma na lingua medieval das Cantigas pode aparecer aínda separada do infinitivo e con pronomes en mesóclise, pero a partir do século XIII aparece xa soldada en practicamente todos os textos medievais; é o caso de, por exemplo, a *Crónica Xeral e de Castilla*, a *Crónica Troiana* e os *Miragres de Santiago*². Coa forma *habeo* anteposta, segue a existir en galego a perífrase *haber* + *(de)* + *infinitivo* que se emprega para expresar un evento futuro xunto co valor de obrigatoriedade. Así o podemos constatar nos exemplos seguintes:

- (1) O custo do capital, que nas sociedades mercantís se relaciona co resultado da conta en forma de dividendo, nas sociedades cooperativas *ha de deducirse* como gasto para a determinación do resultado (art. 83 c da Lei Xeral) (F1997-08/1)³.
- (2) E, polo tanto, dos elementos que *ha de empregar*, porque unha novela breve non é unha novela acurtada nin tampouco un conto longo artificialmente sobredimensionado (ANT2008-07-10/29).

¹ Beizón a Eva Domínguez e a Carme Silva polas súas observacións. Os erros que se poidan atopar son responsabilidade miña.

² Para ver a frecuencia da forma compactada de futuro pode consultarse o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG) en <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>.

³ A referencia dos exemplos indica, por esta orde, nome da publicación, ano, mes, día e número da noticia.

- (3) Así mesmo, tamén subliñaba que, se iso sucede, “de acordo coas reiteradas resolucións neste sentido deste Parlamento, o pobo de Cataluña *ha de exercer* o seu dereito democrático para decidir a constitución dun Estado propio no seo da Unión Europea” (GH2007-03-30/53).

A expresión de futuridade foi e segue a ser obxecto de abundantes traballos en español, baseados tanto na lingua escrita coma na oral⁴. Tamén no portugués (sobre todo no brasileiro) se atopan estudos relacionados con este tema⁵.

No galego só atopamos dous traballos⁶ que describen o uso de formas que se empregan para expresar futuro. Meier (1974: 15) nunha análise dos textos que constitúen *Os contos populares da provincia de Lugo* describe as formas que expresan futuridade e deixa constancia da distribución estatística de cada una delas. Cos datos de que dispón conclúe:

Dejando de lado las reservas que tales estadísticas merecen [...], el resultado naturalmente sólo vale para este texto, hasta cierto punto para la región y para el estilo narrativo de los cuentos populares en general y la forma en que estos concretamente fueron registrados y redigidos. Ello no impide que del cuadro estadístico se saquen algunas conclusiones: Imposible hablar de privilegio o monopolio del futuro para presentar la futuridad, ni mucho menos. El futuro es aquí un instrumento de segundo orden, y nada nos indica que haya ejercido alguna vez el papel de protagonista en este concierto. El tipo /vou dar/ tampoco consigue en este ámbito la importancia que, en otra parte, lo predestina como competidor más destacado del futuro o del presente de futuridad. Hay que hacer resaltar, por otra parte, la vitalidad con que los tipos /hei de dar/ y /hei dar/ mantienen su voz como tiempos de futuridad.

De acordo coas súas conclusións, o futuro sintético non é maioritario, como tampouco o é a perífrase *ir + infinitivo*; en cambio, observa unha boa vitalidade con *haber + (de) + infinitivo*.

No seu traballo sobre as perífrases, Rojo analiza o uso das formas que poden indicar futuro en cinco textos⁷ e conclúe que

Sin tomarlos como si se tratara de valores absolutos, creemos que pueden dar indicaciones sobre algunos hechos del gallego actual:

- a) El futuro sintético no es excesivamente utilizado. Sólo en un caso (Castelao) supera el 50%.
- b) La perífrasis *ir (a) + infinitivo* posee una notable frecuencia de utilización.
- c) Es de destacar la importancia de la construcción *haber (de) + infinitivo*. [...]. Al menos en los casos que hemos estudiado, su frecuencia aumenta a medida que la lengua está más cerca de la realidad hablada y es menos literaria.

⁴ Algúns dos máis recentes son Bauhr (1989), Cartagena (1981), Moreno de Alba (1977), Sedano (1974, 2006), entre outros.

⁵ Vid. Barbosa (2007), Oliveira (2006), entre outros.

⁶ Hai ademais un pequeno artigo sobre o uso do futuro nos medios de comunicación (vid. Novo 1991: 85-89).

⁷ As obras que se analizan son: Labarta Pose: *O tío Miseria*, Castelao: *Os vellos non deben de namorarse*, C. Casares: *Cambio en tres*, Emilio R. Gregorio: *Historias do 30 de febreiro*, J. M. López: *Contos de polavila* (43-62) (cfr. Rojo 1974: 84).

Podemos suponer que en gallego ha habido una evolución similar a la castellana en lo que se refiere al trueque de puestos entre el futuro sintético y el futuro del tipo *ir (a) + infinitivo*. La utilización amplia de la perífrasis *haber (de) + infinitivo* es un rasgo común con el portugués (Rojo 1974: 85).

As referencias a este tema nas gramáticas galegas son máis ben xerais. Na *Gramática Galega* cando se define o futuro indícase que é “prospectivo a partir dun momento presente, real en canto ó modo” (Álvarez, Monteagudo & Regueira 1986: 371). Máis adiante indícanse os seus valores máis importantes: (a) simple futuridade: enuncia un feito como que ocorrerá realmente, nun momento posterior, máis ou menos próximo ó presente; (b) futuridade e obrigatoriedade: para casos nos que o emisor quere influír no receptor; (c) obrigatoriedade simple, e (d) probabilidade no presente: cando o futuro perde a referencia temporal de posterioridade (*cfr.* Álvarez, Monteagudo & Regueira 1986: 371-372).

Pola súa parte, Freixeiro (2002: 349-351) define o futuro coma o tempo que indica unha acción posterior ao momento da enunciación. Sinala ademais que, a partir desta significación básica de referencia a eventos futuros, esta forma pode adquirir outros valores de grande rendibilidade e expresividade na lingua. É dicir, pode adquirir valores modais de obrigatoriedade, probabilidade, retrospectivo, etc.

No que respecta á perífrase *ir + infinitivo*, Rojo explica a evolución de significado no auxiliar, desde a significación como verbo de movemento, intencionalidade ata, finalmente, o valor de futuro (*cfr.* 1974: 88-92). Indica ademais que é “una de las construcciones perifrásticas más frecuentes del gallego actual. La expresión de una futuridad, próxima o no, es su más importante función en la lengua” (Rojo 1974: 93).

Freixeiro sinala que en galego as perífrases temporais indican posterioridade en relación cun determinado punto de orixe. *Ir + infinitivo* é unha das perífrases que expresan futuridade en xeral (*cfr.* 2002: 437). Seguindo a interpretación de Rojo, Freixeiro afirma tamén que “tanto na lingua falada como mesmo na lingua literaria en moitas ocasións se prefere o uso de perífrases de futuridade, ao lado do presente de futuridade, antes que a utilización do futuro” (*vid.* 2002: 352).

Como acabamos de ver, os estudos sobre este tema non son moitos e ademais están centrados na análise destas expresións en textos literarios. Pero todos coinciden en indicar que a expresión *ir + infinitivo* reforza a súa frecuencia de uso, mentres que o futuro sintético vai perdendo espazos. O obxectivo deste artigo é estudar o uso do futuro e da perífrase *ir + infinitivo* na lingua escrita dos xornais. Queremos constatar como son as frecuencias e se coinciden coas que se describiron nos traballos citados.

O galego empregado nos xornais é unha lingua formal. É lingua escrita, elaborada, pero, fronte á dos textos literarios, é unha variedade menos diferida no tempo e, dado o contexto comunicativo no que se produce, presenta un rexistro máis común. A isto hai que engadir que en ocasións reproduce literalmente a lingua dos personaxes obxecto da información. Con todo, aceptando que é unha lingua menos elaborada cá literaria, creo que se pode seguir afirmando que estamos diante dun rexistro formal.

En definitiva, o que pretendemos neste artigo é (a) describir como se comportan nos textos xornalísticos estas dúas expresións e (b) constatar se hai factores que favorezan o emprego dunha ou doutra forma.

Xa sinalamos que o futuro en *-rei* e a perífrase *ir + infinitivo* se empregan para se referiren a eventos futuros. O futuro sintético pode expresar ademais valores modais como probabilidade, obrigatoriedade ou suposición. Pola súa parte, a expresión *ir + infinitivo* en presente de indicativo pode expresar futuro en alternancia coas formas en *-rei*. Como perífrase acostuma indicar, xunto coa posterioridade, intencionalidade. Tamén é frecuente que se empregue para expresar posterioridade inmediata.

Ir é un verbo de movemento e, polo tanto, podemos atopar enunciados nos que, acompañando a un infinitivo, siga indicando movemento real cara a algún sitio. Ao meu modo de ver, neses casos non estaríamos falando de perífrase. Así o interpretamos nos dous exemplos que veñen a continuación:

- (4) Paralelamente, os médicos interinos secundan as súas protestas reivindicativas pero doutro xeito: *Simplemente*, non *van traballar* (GH2007-03-30/9).
- (5) Se un visita a Fundación Telefónica na Gran Vía, ou o Museo Colecciones Ico, detrás das Cortes, *ou vai ver* a Sala Canal de Isabel II, dentro das propias instalacións administrativas do Canal ou vai ao Círculo farao por outro motivo, non por Photoespaña (ANT2008-07-10/45).

2. ANÁLISE DO FUTURO E DA PERÍFRASE *IR + INFINITIVO*

Para realizar esta análise tomamos os datos dun subcorpus de prensa, dispoñible no CRPIH⁸ no enderezo web <<http://corpus.cirp.es/corgaetq/>>. O corpus utilizado está etiquetado e lematizado e consta de aproximadamente 300.000 formas ortográficas. Creouse con noticias tiradas aleatoriamente do *CORGA* (*Corpus de Referencia do Galego Actual*)⁹ coa finalidade de empregalo como corpus de adestramento. A etiquetación e lematización fíxose de xeito automático con XIADA¹⁰ e revisouse manualmente. Os exemplos, procedentes de todas as seccións dos xornais e revistas seleccionados, abranguen de 1980 a 2008¹¹.

Aínda que, tal como dixemos, imos centrar a análise e descrición nos casos de futuro de indicativo *cantarei* e as formas de *ir + infinitivo*¹² conxugadas no presente de indicativo, incluímos tamén os datos de frecuencia de uso da perífrase *haber + infinitivo* no presente, pero non estudaremos a alternancia coas outras dúas.

Haber + de + infinitivo e a súa variante *haber + infinitivo* non é moi frecuente neste corpus. En total atopamos 19 casos, dos que 16 levan a preposición *de* e 3 van sen ela. A súa presenza supón o 0,75% do total de casos que indican futuridade. No traballo de H.

⁸ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

⁹ O *CORGA*, que tamén está dispoñible no enderezo <<http://corpus.cirp.es/corga/>>, consta de aproximadamente 25,8 millóns de formas, pero aínda non está lematizado.

¹⁰ Etiquetador/lematizador desenvolvido tamén no mesmo centro de investigación e do que pode verse o seu funcionamento no enderezo <<http://corpus.cirp.es/xiada/>>.

¹¹ Relacionamos a continuación as revistas e xornais, así como as siglas coas que se citan: ANT = *A Nosa Terra*, DLV = *De Luns a Venres*, F = *Feiraco*, GH = *Galicia Hoxe*, GI = *Galicia Internacional*, CG = *O Correo Galego*, P = *Petroglifo* e TN = *Tempos Novos*.

¹² Incluímos tamén as formas da perífrase *ir + a + infinitivo*, porque entendemos que a significación é a mesma, malia considerármola unha interferencia do castelán. Con todo, é importante sinalar que o número de casos, nos que aparece a preposición *a* entre o verbo *ir* e o infinitivo, son moi poucos, concretamente 6.

Meier (1974) representaba o 37%¹³. Tamén Rojo sinala a importancia desta perífrase nos textos que analizou (1974: 84-85). No noso corpus, os exemplos coa perífrase *haber (de) + infinitivo* amosan un significado de futuro, xunto co valor de obrigatoriedade. Pode verse nos seguintes casos:

- (6) O custo do capital, que nas sociedades mercantís se relaciona co resultado da conta en forma de dividendo, nas sociedades cooperativas *ha de deducirse* como gasto para a determinación do resultado (art. 83 c da Lei Xeral) (F1997-08/1).
- (7) Segundo o primeiro edil, a Deputación “suspendeu” a cesión dun tractor que realizaba eses labores de limpeza, polo que *ha de ser* o propio Concello o que utilice os seus medios materiais e humanos para retirar a maleza e manter esas estradas (GH2008-08-05/20).
- (8) Para cumprir esta segunda condición as Comunidades *han de contar* cun elenco de impostos que cubran os máis importantes feitos imponseis (renda, patrimonio, consumo) (G11996-05/55).
- (9) Afíanzase en gurús como Negro Ponte, o papa que defende un novo evanxeo tecnolóxico para salvar ós sen fogar dixital, coa fin de obrigarse a ver máis alá do diñeiro, que é o que sobreabunda nas súas contas de resultados, máis alá da praia de Orzán, á que sempre *ha voltar* por necesidade (G11996-06/30).

2.1. Distribución no corpus do futuro e da perífrase *ir + infinitivo*

No corpus atopamos un total de 2492 casos nos que aparecen estas dúas expresións. Deles hai 2311 que teñen a forma de futuro sintético e 181 enunciados coa perífrase. Tanto as formas do futuro morfolóxico coma as da perífrase *ir + infinitivo* empréganse para indicar eventos futuros, pero poden expresar ao mesmo tempo valores modais. Cando estas dúas formas expresan futuridade poden alternar entre si, mais tamén hai exemplos nos que esa alternancia non é posible. No cadro 1 ofrecemos a distribución das formas analizadas. No dito cadro separáronse as formas que poden alternar entre si daquelas outras nas que a alternancia non é posible.

| | <i>Futuro</i> | | <i>Ir + infinitivo</i> | | Total |
|------------------------|---------------|-------|------------------------|------|--------------|
| En alternancia | 2248 | 92,8% | 176 | 7,2% | 2424 |
| Sen alternancia | 63 | 92,6% | 5 | 7,4% | 68 |
| Total | 2311 | 92,7% | 181 | 7,3% | 2492 |

Cadro 1. Distribución das formas de futuro e da perífrase *ir+infinitivo*

Destes datos pódese deducir, en primeiro lugar, que dun total de 2424 casos en alternancia correspóndelles case o 93% a formas de futuro e un pouco máis do 7% ás da perífrase. En todos eles faise referencia a eventos futuros. En segundo lugar, o emprego das formas de futuro sintético é maioritario na linguaxe periodística.

En canto ás expresións de futuridade que non están en alternancia, con *ir + infinitivo* hai tres exemplos nos que a perífrase forma parte da prótase dunha condicional, un con

¹³ Esta porcentaxe elaborouse cos datos que analiza H. Meier, pero prescindindo do número de casos de presente de futuridade. Se se ten en conta esta expresión, a porcentaxe é do 22,6% (vid. Meier 1974: 14).

referencia modal de posibilidade e un marcador discursivo. Amósase a continuación un exemplo de cada uso:

- (10) Ademais *se o alumno vai ser profesor* de escola ou de música en xeral serve de moito ter certas nocións básicas para realizar acompañamentos (ANT2005-03-03/49).
- (11) Mozambique *vai aprender* da nosa tradición pesqueira (GH2008-08-05/7).
- (12) (entrevistador): ¿Banqueiros como Mario Conde estarían agora sufrindo a penitencia por intentalo? (entrevistado): —*Imos ver...* (GI1996-06/30).

En (10) a perífrase forma parte da prótase dunha condicional e equivale a “ten pensado ser”, indica intencionalidade. En (11) o enunciado constitúe o titular dunha noticia e creo que se debe interpretar máis como unha indicación de posibilidade ou mesmo de probabilidade. E por último en (12) a expresión perifrástica actúa coma un marcador conversacional, podería dicirse que funciona coma unha expresión lexicalizada.

Coa forma de futuro hai 63 exemplos nos que non é posible a alternancia coa perífrase. Unha parte importante, concretamente 44 exemplos, correspóndelle ao verbo auxiliar *deber* + *infinitivo*. Esta estrutura conforma unha perífrase, na que o que prevalece é o valor de obrigatoriedade e non pode ser substituída polas formas perifrásticas das que falamos. Nos demais casos atopamos contextos nos que prima a significación modal de probabilidade, posibilidade e mesmo casos de formas lexicalizadas. A continuación podemos ver algúns dos exemplos:

- (13) Ambas as dúas *deberán de adaptarse* con prontitude á chegada do euro porque o resto de unidades da cadea de valor do sector desexarán realizar as súas transaccións na moeda única dende os primeiros momentos (TN1997-07/8).
- (14) “Agora que acabo de ser elixido presidente da República e en vésperas de asumir o cargo, todos *comprenderedes* que non poida seguir á cabeza” do partido, dixo Sarkozy, emocionado, ante o Consello Nacional da UMP en París (DLV2007-05-15/91).
- (15) Como *suporá* o lector, a comisión importa pero non tanto (ANT2008-07-10/20).
- (16) Non *será* até os anos sesenta cando a electrificación chegue a unha grande parte do país, malia que dun xeito deficiente (ANT2008-07-10/57).
- (17) Cando isto se resolva xa *veremos*”, afirmou no I Foro de Economía da Comunidade de Madrid. (GH2007-03-30/65).
- (18) á fin e ao cabo subsisten importantes diferencias de salarios e prezos no propio mercado español que, á parte dunha moeda común, goza dun marco fiscal e laboral homoxéneo. Pero todo se *andará* (TN1998-05/18).
- (19) Dificilmente casa Els segladors coa política pseudocatalá de Montilla. *Viviremos* e cousas así *veremos* (GH2007-03-30/83).
- (20) (Entrevistado): Empecei no Ferrol cunha caixa moi pequena e, coa axuda de moitas persoas, dirixo agora unha Caixa que ten 570 oficinas. E seguimos... (entrevistador) —...porque sempre lle *quedará* Portugal... (GI1996-06/30).

En (13) *deber* é o auxiliar da perífrase de obrigación na que o futuro sintético non se pode substituír por *ir* + *infinitivo*. En (14) o valor modal de posibilidade prima sobre o valor de posterioridade. A mesma explicación vale para o (15) e o (17). O enunciado (16) non se refire a un evento futuro. Por último nos exemplos (18), (19) e (20) emprégase o fu-

turo como expresión lexicalizada, non fan referencia a un evento futuro, en todo caso trasladan un significado de suposición.

Así pois, os datos que acabamos de describir indican que as formas de futuro e da perífrase *ir + infinitivo* co valor de posterioridade son maioritarias. Do total de exemplos de ambas as dúas estruturas, a porcentaxe dos que non están en variación é aproximadamente dun 2,7%.

A continuación imos analizar o comportamento destas dúas expresións botando man, tal como fai Sedano (2006), dos parámetros: marcas de modalidade, persoa gramatical do verbo e reprodución da lingua falada, para ver se algún deles ou todos favorecen a presenza dunha das formas.

2.2. Marcas de modalidade no corpus

As investigacións sobre o emprego do futuro morfolóxico e da expresión *ir a + infinitivo* en español tiveron en conta factores como o tipo de cláusula no que están estas formas, o tipo de verbo, a persoa gramatical do verbo, os complementos temporais, as marcas de modalidade epistémica nos enunciados, etc. (*vid.* Sedano 2006). Esta investigadora conclúe que, dunha maneira xeral, as tendencias de uso para o español son as seguintes: o futuro morfolóxico asóciase cun estilo formal, distancia temporal, distanciamento psicolóxico do emisor con respecto ao evento futuro, e cálculo ou dúbida con respecto a ese evento. A perífrase *ir a + infinitivo* tende a se relacionar cun estilo máis informal, proximidade temporal real e/ou psicolóxica do falante en relación co acontecemento vindeiro, intencionalidade do emisor no evento futuro e posición asertiva en relación coa realización do evento (*cf.* Sedano 2006: 167). Cómpre ter en conta, non obstante, que estas conclusións baséanse principalmente en estudos de lingua oral.

No galego non hai estudos sobre a expresión de futuridade na lingua da prensa escrita; os datos dos que dispoñemos son os dos traballos de Meier e Rojo, baseados en textos literarios. Imos ver, pois, o comportamento do futuro sintético e da perífrase *ir + infinitivo* en relación coa modalidade epistémica, que é aquela que serve para reflectir a posición do falante con respecto á realización do evento futuro ao que se fai referencia.

Para levar adiante esta análise separamos, por un lado, os casos que carecen de modalidade explícita. E para os demais, diferenciamos cinco grupos: (1) auxiliar *poder*, (2) auxiliar *ter + que*, (3) auxiliar *haber + que*, (4) interrogativas de inseguridade¹⁴ e (5) marcas específicas de modalidade epistémica. No cadro 2 amósanse os resultados do futuro sintético e da perífrase *ir + infinitivo*.

¹⁴ Sedano, a propósito desta marca de modalidade, sinala “las interrogativas de inseguridad [...] no están formuladas para obtener una respuesta del oyente sino para expresar la incertidumbre del hablante” (1994: 234).

| | <i>Futuro</i> | | <i>Ir + infinitivo</i> | | Total |
|--|---------------|------|------------------------|------|--------------|
| | | % | | % | |
| Auxiliar <i>poder</i> | 82 | 100 | - | 0 | 82 |
| Auxiliar <i>ter + que</i> | 41 | 95,3 | 2 | 4,7 | 43 |
| Auxiliar <i>haber + que</i> | 12 | 100 | - | 0 | 12 |
| Interrogativas de inseguridade | 25 | 80,6 | 6 | 19,4 | 31 |
| Sen marcas de modalidade | 2056 | 93,3 | 151 | 6,7 | 2207 |
| Con marcas de modalidade epistémica | 32 | 65,3 | 17 | 34,7 | 49 |
| Total | 2248 | | 176 | | 2424 |

Cadro 2. Marcas de modalidade no corpus

Neste cadro pode comprobarse un emprego maioritario do futuro morfolóxico cos auxiliares modais e naqueles casos nos que non hai ningunha marca de modalidade. Así, por exemplo, nos enunciados con auxiliares *poder* e *haber + que* non atopamos ningún enunciado coa perífrase *ir + infinitivo*. Cando aparece o verbo *poder* o significado da expresión de futuridade vai asociado ao valor de posibilidade; mentres que no caso do auxiliar *haber* a significación asóciase á modalidade de obrigación. Coa perífrase *ter que + infinitivo* a presenza do futuro segue a ser tamén maioritaria (95,3%), pero no corpus rexistramos un 4,7% de casos nos que o verbo *ir* en presente acompaña a *ter que + infinitivo*. Relacionamos a continuación exemplos de uso cos tres auxiliares: *poder*, *ter* e *haber* e con *ir + ter que*:

- (21) Baixo estas condicións, os EEUU xulgan que somente a través da guerra *poderán controlar* a situación política, tanto dentro do seu país como fóra (ANT2002-09-12/34).
- (22) Por fin, no desenvolvemento das Bases *habera que propor* as formas de encaixe constitucional necesarias, incluída a modificación precisa da Constitución (ANT2005-03-03/5).
- (23) Precisamente o Gran Peña *terá que seguir* loitando para acadar o segundo posto que dá dereito á promoción co Verián, que só foi capaz de empatar ante o Areas (DLV2007-05-15/106).
- (24) E é que o bo de ser Borbón é que podes traer nenos ao mundo sabendo que non se *van ter que preocupar* polo paro nin pola vivenda (DLV2007-05-15/39).

Aínda que a maior parte dos casos con *poder* e *ter* van en 3ª persoa, tamén hai algúns exemplos coa 1ª. En cambio, os enunciados con *haber* só aparecen na 3ª. A razón é clara, “esta perífrase só se emprega en construcións impersoais de carácter non pasivo, pero só coa acepción de modalización do acontecemento sen implicación directa do alocutario e só con verbos que non sexan impersoais” (Álvarez & Xove 2002: 348).

Nas estruturas interrogativas o futuro sintético tamén presenta unhas porcentaxes altas de uso (80,6%); non obstante, como se pode ver no cadro, tamén hai casos con *ir + infinitivo*, que supoñen unha porcentaxe do 19,4%. Nos seguintes exemplos pódense ver interrogativas de inseguridade tanto de futuro sintético coma de perífrase *ir + infinitivo*:

- (25) *¿Como afectará* este cambio á economía española? (CG2000-11-22/77).
- (26) *¿Que dirán* os cocineiros? (CG2001-10-08/1).
- (27) *Que se vai atopar* a xente que se achegue a mostra? (ANT2005-03-03/71).
- (28) *Quen vai marcar* agora a política no concello? (ANT2005-03-03/16).

Polo que respecta aos enunciados con marca de modalidade epistémica a frecuencia de uso do futuro morfolóxico baixa notablemente (65,3%), ao mesmo tempo que chega ata o 34,7% a porcentaxe de enunciados na perífrase *ir + infinitivo*. As marcas de modalidade empregadas nos enunciados con futuro morfolóxico son do tipo *inevitabelmente, sen dúbida, con toda probabilidade* etc., que serven para indicar un distanciamento do emisor, nun intento de salientar unha maior neutralidade; isto pode verse nos seguintes casos:

- (29) Pero, en xeral, a caída dos impostos traducirase máis tarde ou máis cedo en políticas de redución do gasto público que *inevitabelmente afectarán* os principais servizos públicos e as políticas sociais (ANT2002-11-07/29).
- (30) Esta recuperación *daralle, sen dúbida*, un respiro ó BCE, que foi acusado de non velar dabondo pola saúde do euro (CG2000-11-02/11).
- (31) Pero, ademais, os propios clientes (ou mesmo os provedores) *probablemente obrigarán* a unha introducción temperá do euro (TN1997-07/8).
- (32) Con toda *probabilidade*, penso que é obvio, non *concordaremos* no noso xeito de pensar neste tema e noutros moitos, pero iso non quita para que me vexa na obriga de refugar o que considero unha represalia que en absoluto comparto, represalia contra o pensamento, represalia contra a liberdade da persoa, o que hoxe aquí certifico humildemente (GH2007-03-30/83).

En cambio, nos exemplos de *ir + infinitivo* atopamos unhas marcas que parecen involucrar máis no contido ao emisor. É o caso de *estou convencido, teño dúbida, eu coido que* etc. Isto pode verificarse nos exemplos que se relacionan a continuación:

- (33) *Estou convencido* de que *imos descubrir* cousas moi sucias coas que imos ficar pasmados, porque precisamente de pintoresco, o que se di de pintoresco, non van ter nada (ANT2005-03-03/6).
- (34) Pero *teño dúbidas* sobre *como nos vai afectar* un posible novo sistema de financiación (GI1996-06/30).
- (35) Pero *eu coido que* a guerra non *se vai perder* (GH2008-08-05/43).
- (36) Nun mes, tócalle a vez a Rajoy, supoño que alguén *lle vai preguntar* polos 80 céntimos do café aínda que no seu caso, queda mellor falar do que costa un puro... (GH2007-03-30/100).

En fin, os datos analizados indican que os enunciados que engaden un valor modal no futuro son máis ben poucos, porcentualmente representan un 2,5%. En cambio, é un pouco máis alta a porcentaxe coa perífrase *ir + infinitivo*, neste caso, chega ata o 13,2%. Con todo, pódese afirmar que o significado que prevalece é o de indicación dun acontecemento posterior, é dicir, o valor de futuridade.

2.3. A persoa gramatical do verbo

| | <i>Futuro</i> | | <i>Ir + infinitivo</i> | |
|------------------|---------------|-------|------------------------|------|
| | | % | | % |
| 3ª persoa | 2221 | 93,3 | 159 | 6,7 |
| 2ª persoa | 3 | 100,0 | - | |
| 1ª persoa | 87 | 79,8 | 22 | 20,2 |
| Total | 2311 | | 181 | |

Cadro 3. A Persoa gramatical do verbo

Segundo a persoa gramatical do verbo, o emprego do futuro morfolóxico é maioritario en calquera das tres persoas. No cadro 3 pódese ver a distribución de frecuencias por cada unha delas. En todas o futuro amosa unha frecuencia moi alta. Non obstante, obsérvanse diferenzas que imos tratar de explicar. Nas persoas 2ª e 3ª o emprego do futuro é moi frecuente. Así, coa 2ª todos os casos van en futuro, mentres que coa 3ª a frecuencia é dun 93,3%. En cambio, na 1ª persoa o futuro ten unha presenza moito máis baixa, non chega ao 80%.

Coa perífrase *ir + infinitivo* dáse unha utilización moi baixa na 3ª persoa e non atopamos ningún caso coa 2ª. Non obstante, a 1ª amosa un avance moi significativo, cunha porcentaxe algo superior ao 20%. Esta frecuencia máis alta podería estar relacionada co valor intencional, xa que, como sinala Bauhr “la intención propiamente dicha só se da en la primeira persona gramatical” (1989: 89). Semella, pois, como indica Sedano, que a asociación do verbo coa primeira persoa e o uso da perífrase *ir + infinitivo* apunta á vinculación psicolóxica entre o emisor e o evento futuro que parece ofrecer esta forma (*cf.* 2006: 176). Esta sería a razón pola que a frecuencia da perífrase é maior na 1ª persoa. Vemos a continuación algúns exemplos con esta persoa gramatical:

- (37) O máximo mandatario galego indicou que el será o primeiro en acudir a debater a un estudo de televisión “cando corresponda”, isto é, en eleccións autonómicas e cando el sexa candidato á Presidencia da Xunta. Nese caso, “*serei* o primeiro en estar” (DLV2007-05-15/19).
- (38) Por iso tamén *pediremos* que se limiten as prazas na Facultade, co obxectivo de que quen se licencie teña unhas condicións salariais dignas (ANT2005-03-03/28).
- (39) Estou convencido de que *imos descubrir* cousas moi sucias coas que imos ficar pasmados, porque precisamente de pintoresco, o que se di de pintoresco, non van ter nada (ANT2005-03-03/6).
- (40) “Diego estaba bastante mal animicamente por problemas familiares que non *vou considerar*; tiña cousas importantes que non podía manexar, e iso levouno a estar depresivo” dixo hoxe Cahel. (GH2007-03-30/72).

Coa 2ª persoa só hai tres casos e, como se indicou antes, van todos en futuro. Indican posterioridade, á que, ao meu modo de ver, engaden un valor de probabilidade. Dalgún xeito, o que se quere indicar é que a realización do evento vai pendente dunha condición previa. É o que ocorre coas formas de futuro que constitúen a apódose das condicionais (41 e 42) e mesmo no exemplo 43, onde a forma de futuro forma parte da consecuencia:

- (41) Por exemplo, se ti vas a un hotel facilmente te *atoparás* cun cadro moderno, non figurativo... é algo normal (ANT2005-03-03/49).
- (42) Se o que fas é mirar atrás, *irás* bunkerizando o futuro (GI1996-06/30).

- (43) “Agora que acabo de ser elixido presidente da República e en vésperas de asumir o cargo, todos *comprenderedes* que non poida seguir á cabeza” do partido, dixo Sarkozy, emocionado, ante o Consello Nacional da UMP en París (DLV2007-05-15/91).

Na 3ª persoa, como xa sinalamos, o futuro sintético é maioritario. As formas coa perífrase só representan un 6,7% de enunciados do corpus. Os seguintes exemplos amosan o uso de ambas as dúas formas:

- (44) Engadiu que o cambio de imaxe do Sergas “non *custará* nin un euro” (DLV2007-05-15/11).
- (45) O presidente nacional do PP asegurou que se gañan as xerais *traballarán* para garantir a conexión Galicia-Madrid por AVE (DLV2007-05-15/23).
- (46) Todos os partidos ata o final *van ser* complicados e non podemos fallar máis (GH2007-03-30/74).
- (47) Sen embargo, a demanda de ambas as dúas madeiras *vai seguir medrando* de forma exponencial nos próximos anos, segundo fontes do sector (ANT2002-10-10/33).

2.4. A reprodución da lingua falada

| | <i>Futuro</i> | | <i>Ir + infinitivo</i> | | Total |
|-----------------------------------|---------------|------|------------------------|------|--------------|
| | | % | | % | |
| Verbos en cita directa | 51 | 69,9 | 22 | 29,1 | 73 |
| Verbos non en cita directa | 2260 | 93,1 | 159 | 6,6 | 2419 |
| Total | 2311 | | 181 | | 2492 |

Cadro 4: A reprodución da lingua falada

A finalidade da prensa é a de informar da maneira máis obxectiva posible. O xornalista ao redactar unha noticia trata de esconder a súa opinión, trata de se distanciar do contido do seu propio discurso para así dar a impresión dunha maior obxectividade. Para isto, o xornalista deixa constancia no texto de que unha persoa ou institución comunica a realización dun evento futuro. A reprodución da lingua falada na escrita faise por medio das citas. O xornalista repite literalmente o que dixo alguén e esta reprodución transcríbese normalmente entre comiñas. O estilo directo na prensa emprégase para dar a sensación de obxectividade e imparcialidade, pero, ás veces, a representación no texto presenta unha grande variedade.

Como podemos observar nos exemplos que veñen a continuación, a extensión da cita textual é variada. En (48) a cita vai entre comiñas e coa atribución ao final. En (49) amósase o que sería unha cita en estilo indirecto na que o xornalista resume e transcribe de maneira libre as palabras do personaxe ou institución. Non se usan as comiñas, aínda que, como se pode ver, o redactor pode optar por utilizalas nunha parte do enunciado. Nos dous exemplos seguintes (50 e 51) temos tamén unha cita en estilo directo, coas comiñas despois da conxunción *que* e coa atribución ao principio. Estes son algúns dos procedementos para incorporar as palabras dos personaxes e/ou institucións ao texto da noticia. As citas, tanto

as directas coma as indirectas, van introducidas por un verbo de comunicación¹⁵. Aínda que non resulta fácil diferenciar o tipo de citas para a análise, interpretamos como directas aquelas frases que van entre comiñas e con atribución. Estas, ao noso entender, son as que están máis preto da lingua oral.

- (48) A internacionalización do euro “*verase* afectada pola saúde e pola credibilidade das directrices políticas coas que se oriente a eurozona”, dixo Duisenberg (CG2000-11-18/111).
- (49) O representante do Parlamento Europeo sinalou que a comunidade xa conta con autoestradas e agora *terá* un tren de alta velocidade, polo que considera que é momento de que os galegos “se movan por eles mesmos” (CG2000-12-29/17).
- (50) Sinalou que “cando exista na Unión Europea o debate sobre o gasóleo profesional, o Goberno español *participará* nesa discusión na busca dun marco común de referencia” (CG2000-11-30/69).
- (51) Nunha rolda de prensa na Deputación de Ourense, Baltar deixou claro que por un pacto “non imos renunciar” ás “ideas fundamentais do noso programa” e, en caso de pactar, sinalou que “non se *dará* a imaxe de dous gobernos” como manifestou que sucede co goberno bipartito da Xunta (GH2007-03-17/23).

Os datos do cadro 4 reflicten un emprego do estilo directo máis ben escaso. No conxunto do corpus non chega ao 2,5%. Pero tamén indican que cando o enunciado non forma parte dunha cita directa o emprego do futuro sintético é moi alto, supera o 93%; en cambio cando o enunciado vai nunha cita directa a porcentaxe baixa máis de 20 puntos. Por outra parte, con *ir* + *infinitivo* os enunciados con cita directa representan preto dun 30%, mentres que as estruturas sen cita directa só supoñen o 6,6%. Parece, pois, que existe unha tendencia ao emprego da perífrase nas citas directas para indicar posterioridade e intencionalidade.

3. CONCLUSIÓN

Da análise dos datos podemos concluír que tanto as formas de futuro como as de *ir* + *infinitivo* se empregan na lingua dos xornais para indicar posterioridade. O futuro sintético é a forma maioritaria na lingua da prensa escrita. Son escasos os enunciados con marcas de modalidade epistémica. Neles a forma de futuro posúe o valor temporal de posterioridade xunto co de probabilidade. O distanciamento e a obxectividade do xornalista favorecen o uso maioritario da 3ª persoa do verbo. En cambio, a presenza da 1ª parece indicar intencionalidade e unha maior implicación do emisor no evento futuro. A forma sintética é maioritaria tamén coas perífrases que indican obrigatoriedade: *deber*, *poder*, *haber que e ter que* + *infinitivo*. E por último, emprégase pouco nas citas directas.

En canto á perífrase *ir* + *infinitivo*, ten un emprego moi baixo na prensa escrita, só preto dun 7,3%. Nos enunciados con algunha marca de modalidade a frecuencia medra; no conxunto de exemplos coa perífrase representa un 14,2%. Se nos fixamos na modalidade

¹⁵ Os máis frecuentes no corpus son *afirmar*, *asegurar*, *apuntar*, *anunciar*, *admitir*, *adiantar*, *asegurar*, *avanzar*, *crer*, *concluír*, *declarar*, *dicir*, *engadir*, *esperar*, *explicar*, *insistir*, *lembrar*, *manifestar*, *prognosticar*, *sinalar*, *subliñar*, *recalcar*, *reiterar*, conxugados a maior parte deles en pretérito de indicativo.

epistémica, os enunciados, ademais do valor de futuro, reflicten a confianza do emisor na realización do evento futuro. Obsérvase unha frecuencia maior de uso coa 1ª persoa, que é a que fai referencia ao emisor. Tamén ten unha maior presenza nas citas directas, que, como se sinalou, son as que están máis preto da lingua falada.

En conclusión, o galego dispón de varias formas para expresar futuridade. Os resultados deste traballo presentan diferenzas cos estudos anteriores, se ben, habemos de ter en conta que a procedencia dos datos é diferente. Nos traballos anteriores os datos proceden do campo da literatura, mentres que no noso traballo os datos foron tirados dos xornais. Creo, polo tanto, que no que se refire á lingua xornalística se pode afirmar que o futuro ten unha grande vitalidade e que se prefire para se referir a eventos vindeiros. O emprego da perífrase *ir + infinitivo* é moi escaso e só parece ter máis presenza naqueles contextos nos que hai un certo grao de intencionalidade na realización do evento; é o caso, por exemplo, dos enunciados con verbos en 1ª persoa, e mesmo aqueles nos que se reproduce a fala dunha persoa. Estudos futuros con textos orais deberían confirmar a fortaleza de *ir + infinitivo*. Mentres tanto, pódese dicir, parafraseando a Meier, que na lingua da prensa escrita o futuro parece que si exerce o papel de protagonista.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ, R., H. MONTEAGUDO & X. L. REGUEIRA (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- ÁLVAREZ, R. & X. XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2002): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- BARBOSA, J. B (2007): “A expressão do futuro no português brasileiro”. *Revista eletrônica do instituto de humanidades* 6/23, 42-50.
- BAUHR, G. (1989): *El futuro en -ré e ir a + infinitivo en el español peninsular moderno*. Gotemburgo: Acta Universitatis Gothoburgensis.
- CARTAGENA, N. (1981): “Sistema, norma y habla del futuro de probabilidad español”. En C. ROHRER (ed.): *Logos semantikos. Studia lingüística in honorem Eugenio Coseriu* 1921-1981. Madrid: Gredos, 383-394.
- MEIER, H. (1965): “Futuro y futuridad”. *Revista de Filología Española XLVIII*, 61-77.
- MEIER, H. (1974): “Problemas de gramática gallega (I)”. *Verba* 1, 7-15.
- MORENO DE ALBA, J. G. (1977): “Vitalidad del futuro de indicativo en la norma culta del español hablado en México”. En J. M. LOPE BLANCH (ed.): *Estudios sobre el español hablado en las principales ciudades de América*. México: Universidad Autónoma de México, 129-146.
- OLIVEIRA, J. M. DE (2006): *O futuro da língua portuguesa ontem e hoje: variação e mudança*. Tese de doutoramento. Rio de Janeiro. <<http://www.lettras.ufrj.br/posverna/doutorado/OliveiraJM.pdf>> [consultado: 10-12-2011].
- ROJO, G. (1974): *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- ROJO, G., M. S. LÓPEZ, E. DOMÍNGUEZ & F. M. BARCALA (2010): *CORGAetq: Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado* [en liña], versión 2.4. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia). <<http://corpus.cirp.es/corgaetq>> [consultado: 12-01-2012].
- ROJO, G., M. S. LÓPEZ, F. GARCÍA, E. DOMÍNGUEZ & F. M. BARCALA (2010): *CORGA : Corpus de Referencia do Galego Actual* [en liña], versión 1.5. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia), 2010. <<http://corpus.cirp.es/corga>> [consultado: 12-01-2012].

María Sol López Martínez

- SEDANO, M. (1994): "El futuro morfológico y la expresión *ir a + infinitivo* en el español hablado de Venezuela". *Verba* 21, 225-240.
- SEDANO, M. (2006): "Futuro morfológico y futuro perifrástico en la prensa escrita". En C. COMPANY COMPANY (ed.): *El español en América. Diatopía, diacronía e historiografía. Homenaje a José G. Moreno Alba*. México: UNAM, 163-184.